



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26-02-2021.

Expte: 2021/G010/000002

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e un, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial (PSdeG-PSOE) e telemático:

Presidenta: D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)
Dna. María José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Angel Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)
D^a. Marta Rey Lema. (A.V)
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).
Dna. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)
D. Francisco Javier Trillo Pazos. (A.V).
D. Francisco Manuel Calzas Suárez. (PP).

Non asiste: Dna. Raquel Rodríguez Amigo. (PP).

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ó grupo político do PSdeG-PSOE.

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.
Interventora Xeral: Dna. María Lourdes Castro Pena.

ORDE DO DÍA:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2021.

2º. Ditame sobre prórroga do contrato administrativo para xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día (expte núm. 2021/C001/000001).

3º. Ditame sobre expediente de recoñecemento extraxudicial 2021/REC/01 (expte núm. 2021/X999/000047).

4º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/01 (expte núm. 2021/T002/000002).



5º. Ditame sobre á moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo en relación ao parque eólico Monte Chan situado nos termos municipais de Laxe e Vimianzo.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Dación de conta da liquidación do exercicio 2020.

8º. Dación de conta de asuntos económicos

9º. Mocións de urxencia.

10º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

D. Manuel Antelo solicita rectificación na páxina 12 xa que non debería poñer que él non entendía por que as bases do POS non permitían destinar o préstamo provincial a investimento, senón que o que manifestou foi que as bases do POS non permiten destinar o préstamo provincial a investimento.

Ao non manifestar máis observacións sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2021 coa rectificación indicada.

2º. Ditame sobre prórroga do contrato administrativo para xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día (expte núm. 2021/C001/000001).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, celebrada o 23 de febreiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre prórroga do contrato administrativo para xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día (expte núm. 2021/C001/000001).

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de febreiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Prórroga do contrato administrativo para a xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor, lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día. Exp.2021/C001/000001.



Visto o escrito con RE 20219990000046, de data 18 de xaneiro de 2021, presentado por D. José Manuel Pastoriza Paz en representación da empresa Grupo Reacteda,S.L. (CIF B15822000), no que solicita a prórroga do contrato suscrito con este Concello para levar a cabo o contrato administrativo para a xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor, lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día”, por un prazo de catro anos máis.

Visto o contrato administrativo para a xestión dos servizos públicos obxecto de iniciativa económica municipal, relacionados coa terceira idade, infancia e familia e que se nomean como servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola infantil municipal e centro de día, que foi asinado en data 25/02/2005 coa empresa Grupo Reacteda,S.L. (CIF B15822000) así como as modificacións do mesmo, entre a que se atopa, a acordada na sesión 28 de marzo de 2015 pola que se elimina o servizo de centro de día.

Tendo en conta o establecido na cláusula 5ª do contrato así como o indicado no informe emitido en data 28/01/2021 polo secretario municipal que, entre outros, sinala: “(...) TERCEIRA.- Outro dos requisitos previstos convencionalmente na documentación do expediente é que figure no presente procedemento un informe de umbral de calidade cos criterios contemplados na cláusula 6ª do PCAP, que para acadar a prórroga de 4 anos solicitada, terá que obter un nivel de puntuación superior a 8,00 puntos. Dito informe deberá emitirse polo departamento de Servizos Sociais dacordo á dita cláusula. (...)”

Consta informe da Secretaría de data 28 de xaneiro de 2021, en sentido favorable condicionado, que sinala:

“INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: PRÓRROGA CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, COMEDOR, LAVANDERÍA SOBRE RODAS, ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL E CENTRO DE DÍA.
EXPTE: 2021/C001/000001.

Emítase o presente informe por ser preceptivo en relación con este asunto conforme dispón a Disposición Adicional 3.8 da LCSP en relación co artigo 3 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo e artigo 54 do TRRL entre outros.

Lexislación aplicable:

1. - Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre Contratación Pública y por la que se deroga la Directiva 2004/18/CE.
- - Reglamento de Ejecución (UE) 2016/7 de la Comisión, de 5 de enero de 2016, por el que se establece el formulario normalizado del documento europeo único de contratación.
1. - Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público -LCSP 2017-.
1. - Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas -RGLCAP-.
2. Ley 7/85 de 2 de abril – LBRL-.
3. Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño – TRLCAP-.

Antecedentes de feito:

- O 25 de febreiro de 2005 formalizase o contrato referido no título deste informe entre o concello de Vimianzo e a empresa Reacteda S.L. por un prazo de 16 anos susceptible de prórroga.
- Dito contrato conforme o PCAP que rexen o mesmo, establece na súa cláusula Quinta que no caso de que se acaden determinados umbrais de calidade na prestación dos servizos a duración da concesión poderá prorrogarse da seguinte maneira:

.....

b) De acadarse un nivel de puntuación superior a 8,00 puntos, de conformidade co sistema previsto no apartado 6.3 seguinte, a concesionaria terá dereito a que a concesión se prorrogue outros dous anos máis, isto é, 4 anos máis que fará un total de 20 puntos.

- O 26 de xaneiro de 2021 a empresa contratista solicita prórroga de 4 anos do contrato, adxuntando documentación acreditativa da súa aptitude para contratar.

Consideracións xurídicas:



PRIMEIRA.- Estamos ante un suposto de prórroga dun contrato de xestión de servizos públicos, prevista na cláusula 5ª do PCAP do mesmo, debendo cotexar ademáis a normativa de aplicación segundo a data de adxudicación.

O réxime xurídico de aplicación a esta prórroga por tanto, sería o contemplado no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro e no TRLCAP dacordo ó previsto na Disposición Transitoria 1.2 da LCSP que establece que los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.

SEGUNDA.- Ó ser o contrato e o PCAP lex inter partes en virtude do principio de pacta sunt servanda é posible dita prórroga sempre e cando cumpra cos requisitos e limitacións previstas na normativa de aplicación e a documentación preparatoria e contractual obrante no expediente.

A prórroga dun contrato non supón unha novación do mesmo nin a súa extinción senón únicamente a prolongación do mesmo sempre e cando veña previsto no PCAP e no contrato formalizado.

A prórroga será expresa estando proscriba a prórroga tácita no artigo 67 do TRLCAP, e por tanto debe adoptarse acordo neste senso polo órgano de contratación.

Se atendemos ó previsto na lei de aplicación, non hai moitas referencias en canto ó procedemento de aplicación ás prórrogas máis que esta debe estar prevista no contrato sen que quepa a prórroga tácita, non especificando a maiores no Título II e nos artigos relativos ó contrato de xestión de servizo público na modalidade de concesión, arts. 156 .a) e 157.

É, polo que debemos acudir ó previsto no contrato e o PCAP e concretamente ós artigos 96 e 100 do RLCAP referidos ó reaxuste das anualidades e á prórroga a instancia de parte respectivamente, fixando este último uns prazos preclusivos para a súa petición que poderían ser de aplicación a este suposto cumpríndose coas ditas prescricións xa que logo non se especifica máis no resto da normativa de aplicación:

Artículo 100 Petición de prórroga del plazo de ejecución

1. La petición de prórroga por parte del contratista deberá tener lugar en un plazo máximo de quince días desde aquél en que se produzca la causa originaria del retraso, alegando las razones por las que estime no le es imputable y señalando el tiempo probable de su duración, a los efectos de que la Administración pueda oportunamente, y siempre antes de la terminación del plazo de ejecución del contrato, resolver sobre la prórroga del mismo, sin perjuicio de que una vez desaparecida la causa se reajuste el plazo prorrogado al tiempo realmente perdido.

Si la petición del contratista se formulara en el último mes de ejecución del contrato, la Administración deberá resolver sobre dicha petición antes de los quince días siguientes a la terminación del mismo. Durante este plazo de quince días, no podrá continuar la ejecución del contrato, el cual se considerará extinguido el día en que expiraba el plazo previsto si la Administración denegara la prórroga solicitada, o no resolviera sobre ella.

2. En el caso de que el contratista no solicitase prórroga en el plazo anteriormente señalado, se entenderá que renuncia a su derecho, quedando facultada la Administración para conceder, dentro del mes último del plazo de ejecución, la prórroga que juzgue conveniente, con imposición, si procede, de las penalidades que establece el artículo 95.3 de la Ley o, en su caso, las que se señalen en el pliego de cláusulas administrativas particulares, salvo que considere más aconsejable esperar a la terminación del plazo para proceder a la resolución del contrato.

De xeito supletorio ó teor da Disposición Adicional 1ª da LPAC, poderíamos acudir á letra do artigo 32 da mesma que establece que a petición e resolución de ampliación de prazos deberá producirse antes do seu vencimento.

Tendo en conta, que coa normativa contractual do ano 2000 a perfección do contrato non se produciría coa súa formalización, senón coa súa adxudicación, a efectos de fixación do día de vencemento do prazo de duración, o dies a quem, computaremos desde o día de inicio da prestación do servizo, dies a quo, cumpríndose o prazo de duración o 28 de febreiro de 2021 (día festivo e por ende o 1 de marzo ex art. 30 da LPAC) para o contrato de xestión de vivenda comunitaria e o 31 de agosto de 2021 para o contrato de xestión de escola infantil.

TERCEIRA.- Outro dos requisitos previstos convencionalmente na documentación do expediente é que figure no presente procedemento un informe de umbral de calidade cos criterios contemplados na cláusula 6ª do PCAP, que para acadar a prórroga de 4 anos solicitada, terá que obter un nivel de puntuación superior a 8,00 puntos.



Dito informe deberá emitirse polo departamento de Servizos Sociais dacordo á dita cláusula.

CUARTA.- *Conforme o artigo 42 do TRLCAP, unha vez notificado no seu caso, o acordo do órgano de contratación confirmatorio da prórroga instada, a empresa contratista no prazo de 15 días naturais ex art. 76, aportará reaxuste da garantía definitiva se houberse modificación do prezo do contrato so pena de incurrir en causa de resolución ó teor do artigo 111.d) desta norma.*

Apórtase pola empresa contratista a documentación acreditativa do mantemento da súa aptitude para contratar co certificado expedido ós efectos do previsto nos artigos 13 a 16 do RLCAP.

QUINTA.- *O órgano competente para acordar a prórroga é o órgano de contratación, o Pleno da corporación á vista expediente de adjudicación e formalización e a atribución contemplada na Disposición Adicional 2ª.1.2. da LCSP.*

SEXTA.- *Por último, o acordo de prórroga deberá ser inscrito no Rexistro Público de Contratos dacordo ó previsto no artigo 118 do TRLCAP e o art. 346 da LCSP.*

Conclusión:

A vista da documentación obrante no expediente e as apreciacións verquidas, infórmase favorablemente a presente prórroga condicionada á inclusión dos informes preceptivos restantes, o que se cotexará para a súa elevación ó Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Consta no expediente informe emitido polas técnicas da área de benestar social, en data 15/02/2021, ao respecto da valoración da calidade dos servizos prestados dende o concello de Vimianzo e dende a empresa Grupo Reacteda,S.L., que xestiona os servizos municipais da escola infantil, vivenda comunitaria, servizo de comedor e lavandería sobre rodas do Concello de Vimianzo aos efectos dunha posible prórroga, que conclúe: “(...)Con toda esta información reflectida nas liñas anteriores deste informe, así como a análise de todos os datos obtidos a través do traballo de campo, entrevistas, seguintes, coordinación...pódese concluir que no que se refire a parte da calidade dos servizos prestados desde a empresa concesionaria, e salvo algún error ou omisión involuntaria pola nosa parte, as conclusión son bastante positivas no que ó grao de satisfacción dos usuarios , familiares , persoal , veciñanza...se refire.

Solo nun apartado dunha valoración hai unha puntuación por debaixo de 8 puntos, pero en todas as demais enquisas e valoracións, todas indican unha satisfacción por encima de 8 puntos, superando ás veces a puntuación de 9. Polo que na media final temos que falar dunha valoración por enriba de 8 puntos.

Si é verdade que hai aspectos que tamén son susceptibles de mellora como xa queda tamén recollido no informe a fin de que polo órgano que corresponda ou por parte da empresa, se estude e se valore a posibilidade de que se poidan producir certas melloras ou innovacións de cara a ir paso a paso mellorando a calidade e a prestación sobre todo daqueles items nos que hai menos grao de satisfacción. (...)”

Visto o informe da Intervención municipal asinado en data 17 de febreiro de 2021, en sentido favorable con observacións, que indica: **“INFORME INTERVENCIÓN: PRORROGA CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS.**

EXPEDIENTE: 2021/C001/000001

De conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no



artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte informe de fiscalización previa:

1.- Antecedentes:

I.- Con data 25 de febreiro de 2004, o Sr. Alcalde do Concello de Vimianzo e o xerente da empresa Grupo Reacteda SL, asinan o contrato administrativo para a xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas.

Os pregos que rexen a xestión dos servizos foron aprobados inicialmente polo Pleno o 27 de novembro de 2004.

II.- O 28 de novembro de 2008, o Pleno acordou a modificación núm. 1 do citado contrato, a petición do concesionario, que solicitou o restablecemento do equilibrio económico do contrato.

III.- O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o 28 de marzo de 2015, aprobou o modificado núm. 2 co contrato, por eliminación do Centro de Día.

IV.- En Xaneiro de 2019, aprobouse a última modificación do contrato, en relación coa actualización da superficie destina a escola infantil e polo tanto actualización do canon a aboar pola empresa.

V.- No Pleno de data 2 de febreiro de 2021, aprobouse a última liquidación da empresa do ano 2020 e actualización do canon a aboar durante o ano 2021 e os pagos a conta, durante os períodos de vixencia do contrato, o non estar tramitada a prorroga do contrato. En consecuencia, ditos importes deberán ser actualizados no caso de aprobarse a prorroga do contrato.

VI.- O xerente do grupo reacteda con data 18/01/2021, solicitou a prorroga do contrato durante catro anos mais.

VII.- Consta informe de secretaría condicionado.

VIII.- Informe das técnicas do departamento de servizos sociais, no que valoran e outorgan unha puntuación ao servizo de 8 puntos de acordo co PCAP.

2.- Lexislación aplicable

- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

- O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Informe

De acordo co informe de Secretaría, resulta de aplicación o establecido no TRLCSP, por ser o contrato anterior a nova LCSP.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, establece a posibilidade de prorroga, que aparece regulada no Prego, cláusula 6. En concreto establece:

"6.1 A duración desta concesión administrativa de xestión de servizos fixase en 16 anos, dentro dos parámetros legais (artigo 157 TRLCAP).

6.2 Non obstante, no caso de que se acaden determinados umbrais de calidade na prestación dos servizos a duración da concesión poderá prorrogarse da seguinte maneira:

(...)

b) De acadarse un nivel de puntuación superior a 8,00 puntos, de conformidade co sistema previsto no apartado 6.3 seguinte, a concesionaria terá dereito a que a concesión se prorrogue outros dous anos mais, isto é, 4 anos que fará un total de 20 anos."

O sistema de control de calidade establecido na cláusula 6.3 do PCAP, non se realizou deste xeito ao longo dos anos, se ben consta un informe de calidade e avaliación, emitido polo departamento de servizos sociais, no que conceden unha puntuación de 8 puntos, habilitando deste xeito a prorroga de 4 anos que solicita o concesionario.

Ante a ausencia de regulación concreto ao respecto da prorroga no prego, debemos acudir a regulación establecida no artigo 100 do RGLCAP.

O contratista cumpriu os prazos establecidos para a solicitude de prorroga do contrato, no caso de persistir a necesidade para o Concello e achegando a documentación necesaria o contratista e sempre que o prazo de execución do contrato non estivera vencido concederase a prorroga solicitada. Estes requisitos danse por cumpridos.



O prego de cláusulas administrativas, na cláusula 16, nada indica de reaxuste de garantía no caso de prorroga; se ben en aplicación do artigo 99 do TRLCSP, o contratista deberá constituír unha garantía definitiva do 5 % do importe de adxudicación do contrato sen IVE, a citada garantía debe gardar relación co prezo do contrato, polo que calquera modificación no contrato que supoña unha variación do prezo de adxudicación suporá a actualización da garantía, o que inclúe a prorroga, xa que modifica a duración inicial do contrato.

No caso que nos ocupa, descoñécese que se utilizou de referencia a hora de fixar a garantía definitiva, que ascende o importe fixo de 30.000 €, constando depositado aval bancario neste Concello; o que parece mais razoable para reequilibrar a garantía, é dividir dito importe entre o número de anos de duración do contrato, o que supón 1.875 €/ano. Dito importe multiplícase polos anos de prorroga, o que da unha garantía adicional a constituír de 7.500 €.

Que os gastos ou obrigación propóñanse ao órgano competente, sendo o órgano competente para a aprobación e adxudicación do expediente de contratación o Pleno, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da TRLCSP.

Que exista crédito orzamentario e que o proposto sexa o axeitado á natureza do gasto que se propón contraer, para ese efecto compróbase que no expediente conste certificado de existencia de crédito. A prorroga non terá repercusión económica no exercicio 2021, xa que se é o orzamento prorrogado do 2021, é estaba orzamentado pola totalidade do ano. O que si suporá a actualización do canon e dos pagos a conta aprobados no pleno de febreiro, xa que soamente se aprobou polo parte de vixencia do contrato.

Os pagos a conta, unha vez aprobada a prorroga do contrato, serían:

- Xaneiro 28.090,70.

- Febreiro ata novembro: 30.208,77.

- Decembro: 30.208,80.

O canon sería un total de 18.799,56 € para o ano 2021, pola totalidade do contrato.

Que o contido e a tramitación do expediente axústese ás disposicións aplicables ao caso.

Que do exame de todos os documentos obrantes no expediente, compróbase que se cumpran os requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, e verifícase que se atopen recollidos todos os documentos preceptivos.

Sendo o resultado da fiscalización-intervención previa do expediente:

-Devolución do expediente ó departamento de orixe.

X Conforme, procede a tramitación do expediente. (ver observacións)

-Desconforme sen efectos suspensivos, pero deberían subsanarse os reparos antes de someter o expediente a aprobación ou de non ser subsanables a recomendación de que non sexan reiterados en expedientes futuros, non concorrer os requisitos esixidos no artigo 216 TRLFL.

-Desconforme con efectos suspensivos (ver observacións) ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia.

Observacións:

Polo que se refire a solicitude de prórroga, cómprense os requisitos para a súa autorización, quedando condicionado a complementar a garantía definitiva por importe de 7.500 €, no momento oportuno.

Por outro lado, deberá aprobarse o canon anual e os pagos a conta que correspondan a este ano 2021, segundo se detalla neste informe.

A Interventora
María Lourdes Castro Pena
(documento asinado dixitalmente a marxe)"

Entereda
A Alcaldesa

Visto o acodado na sesión plenaria de data 02 de febreiro de 2021, ao respecto da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Visto o establecido ao respecto no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro e no TRLCAP de acordo co establecido na Disposición Transitoria 1.2 da LCSP así como nos art. 96 e 100 do RLCAP.

Tendo en conta que o órgano competente en relación a este asunto é o Pleno do concello á vista do expediente de adxudicación e formalización así como da atribución contemplada na Disposición Adicional 2ª.1.2 da LCSP.



Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de Benestar Social, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Prorrogar o contrato administrativo asinado coa empresario Grupo Reacteda, S.L. (CIF B15822000), para a xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor, lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día, por catro anos máis, sendo o día a quo para o cómputo dos catro anos os seguintes para todos os servizos o día 02/03/2021 e para a escola infantil o día 01/09/2021, condicionado á existencia de crédito para os vindeiros exercicios económicos.

Dita prórroga quedará condicionada a que empresa contratista no prazo de 15 días naturais, contados dende a notificación deste acordo, ex art. 76, achegue o reaxuste da garantía definitiva por importe de 7.500 euros, so pena de incorrer en causa de resolución ao teor do artigo 111.d) do TRLCAP.

Segundo: Aprobar, de conformidade co informe emitido pola interventora municipal en data 17/02/2021, os pagos a conta, unha vez aprobada a prórroga do contrato, que serían:

- Xaneiro 28.090,70.
- Febreiro ata novembro: 30.208,77.
- Decembro: 30.208,80.

O canon sería un total de 18.799,56 € para o ano 2021, pola totalidade do contrato.

Terceiro: Notificar este acordo ao interesado con indicación dos recursos que procedan, emprazándoo para a formalización da prórroga, e comunicarllo aos Servizos Económicos para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente).”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de AV e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Alcaldesa- Presidenta explica a posibilidade de prorrogar o contrato 4 anos previsto no mesmo e a adecuación do expediente á mesma.

D. Francisco Calzas manifesta que votara a favor en función do contido favorable dos informes municipais.

D. Manuel Antelo dí que unha prórroga é unha situación excepcional fronte a posibilidade de municipalizar ou convocar unha nova licitación e que este catro anos de prórroga haberá que valorar as opcións dun servizo que se prestou de xeito eficiente no seu goberno.

A Alcaldesa-Presidenta conclúe que é un trámite excepcional pero recollido no contrato e que as circunstancias son as que son e sen lugar a dúbidas se licitará no futuro.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3º. Ditame sobre expediente de recoñecemento extraxudicial 2021/REC/01 (expte núm. 2021/X999/000047).



O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 23 de febreiro de 2021 que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre expediente de recoñecemento extraxudicial 2021/REC/01 (expte núm. 2021/X999/000047).

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPTE TEDEC: 2021/X999/000047

Vista que se dota mediante o expediente 2021/CE/01 o crédito orzamentario axeitado e suficiente para proceder á aprobación das facturas que se recollen, con número de rexistro F/2020/2310, F/2020/2311 e F/2020/2312, con data de entrada no ano 2020, con importe imputable ao orzamento que ascende a 23.780,30 €, e que se xuntan como Anexo ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte, ACORDO,

Primeiro.- Aprobar o expediente 2021/REC/01 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 23.780,30 € a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos 2021/CE/01, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

Vimianzo, 18 de febreiro de 2021.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Interventora explica someramente o contido deste recoñecemento de tres facturas de ano anterior supeditadas á modificación orzamentaria que se debatirá no seguinte punto.

D. Francisco Calzas non ten nada que manifestar.

D. Manuel Antelo dí que non se debería estar nesta situación e que cando el levou algún recoñecemento a Pleno por mor de actuacións de gobernos pretéritos, tivo que soportar actitudes belixerantes pola oposición pero considera que non vale a pena a bronca e que o importante é pagar os traballos realizados polo empresario.

A Alcaldesa-Presidenta agradece a comprensión de A.V. pero reprocha que se boten a culpa destas facturas a gobernos anteriores xa que pode poñer exemplos de anos nos que era responsabilidade de A.V como no ano 2015.



Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

4º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/01 (expte núm. 2021/T002/000002).

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, celebrada o 23 de febreiro de 2021 que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade crédito extraordinaria 2021/CE/01 (expte núm. 2021/T002/000002).

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2021, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2021/CE/01

EXPTE TEDEC: 2021/T002/000002

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos 2021/CE/01 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2021/CE/01, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar os gastos seguintes:

- Dotar de crédito o expediente de recoñecemento de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento por importe de 23.780,32 € (2021/REC/01),
- Indemnización por despido e salarios de tramitación da normalizadora lingüística, por importe de 45.000 €.
- Dotar de crédito o expediente de concesión de axudas a hostaleira, motivadas polo peche obrigado polas restricións sanitarias da pandemia covid_19, por importe de 40.000 €.
- Dotar de crédito necesario para facer fronte a achega municipal do programa "Renovación das instalacións de alumeadado, iluminación e especialización exterior de Vimianzo", financiado cunha achega de 1.889.894,76 €, polo IDAE; sendo a achega municipal de 472.473,70 €.
- Dotar de crédito as obras a realizar, de "Reforma do ximnasio municipal", por importe de 172.620,06 €.

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Gastos de persoal	2.106.641,27	40.815	2.147.456,27



2	Gastos correntes	3.005.789,28	23.780,32	3.026.569,60
4	Transferencias correntes	689.689,20	40.000	729.689,20
6	Inversións reais	2.008.559,53	645.093,76	6.653.653,29

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
8	Activos financeiros	565.259,17	749.689,08	1.314.948,25

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 18 de febreiro de 2021
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A continuación a Interventora explica someramente o contido desta modificación financiada con RLTTG.

A Alcaldesa-Presidenta dí que o contido da modificación, entre outros, é facer fronte ás indemnizacións por despidos e as axudas á hostalaría, aportación á IDAE da que e preciso iniciar a súa licitación, tamén estaría incluso a reforma do ximnasio municipal pois un pobo como Vimianzo merece un ximnasio adecuado.

D. Francisco Calzas comenta que todo o que sexa en beneficio dos veciños, será benvido polo seu grupo.

D. Manuel Antelo explica que son opcións do goberno actual, e que eles poñerían outras como máis axudas á hostalaría, a autónomos pero non quere entrar en polémicas nin pronunciarse en contra deste expediente.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que se está no mes de febreiro e esta modificación non quita de facer máis para axudar os sectores afectados tendo en conta tamén as axudas doutras administracións como a Xunta de Galicia. Remata aludindo a que as bases das axudas foron consensuadas cos hosteleiros.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

5º. Ditame sobre á moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo en relación ao parque eólico Monte Chan situado nos termos municipais de Laxe e Vimianzo.

O Secretario dá conta da moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo con RE 20219990000144 e que dí o seguinte:

”Manuel Antelo Pazos, con DNI nº 52432258D, en calidade de portavoz do Grupo Municipal *Adiante Vimianzo* na Corporación municipal, ao abeiro do art. 97.3 do RD 2569/86 (ROF), presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal de Vimianzo, a seguinte moción sobre o Parque Eólico Monte Chan.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Con data 11/02/2021, EDP Renovables España S.L.U, presenta ante a *Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda*, da Xunta de Galicia a documentación de inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental do Parque Eólico Monte Chan, nos termos municipais de Laxe e Vimianzo, para a súa exposición pública.
2. O parque eólico Monte Chan ten prevista a instalación de 9 aeroxeradores nos concellos de Laxe e Vimianzo, concretamente, no termo municipal de Vimianzo, colocaríanse dous aeroxeradores na paraxe natural dos Penedos de Pasarela.
3. Os *Penedos de Pasarela e Traba* foron declarados Paisaxe Protexida pola Xunta de Galicia o 11 de decembro de 2008 (DOG nº7, de 12 de xaneiro de 2009), logo dunha intensa loita de moitos colectivos sociais que impediron que nesta paraxe natural se instalase unha canteira que a destruíría por completo e que contase coa máxima protección paisaxística.
4. A instalación dun parque eólico na contorna dos Penedos de Pasarela e Traba suporía un dano irreparable para esta Paisaxe protexida, canto máis a ubicación dos dous aeroxeradores previstos na propia área dos Penedos de Pasarela, tal e como se indica na memoria presentada pola empresa.
5. Un destes aeroxeradores ten prevista a súa ubicación nos Penedos de Pasarela, ao pé da icónica Cachucha, na zona da Pedra Grande da Barca, tal e como se pode ver nos planos e como sinala a propia memoria: "...incluye uno de los aerogeneradores, el CHN-08 dentro de uno de los espacios de la Red Gallega de espacios protegidos (RGENP). Se trata del paisaje protegido de Penedos de Pasarela e Traba ", sinalando a páxinas máis adiante que a implantación deste aeroxerador "supondría un grado de afección sobre el territorio difícil de paliar. El motivo principal es su inclusión en el Paisaje Protegido de Penedos de Traba e Pasarela, con elevados valores geomorfológicos, paisajísticos y culturales."
5. O segundo aeroxerador pertencente ao concello de Vimianzo, o CH-09, sitúase no Monte da Vadalama, na área de influencia dos Penedos de Pasarela, afectando ademais de á propia Paisaxe Protexida, ao patrimonio arqueolóxico existente nesta zona, que, como se sinala na memoria "se trata de una necrópolis megalítica que se extiende por la zona conocida como Gándara da Barca y son exactamente cuatro mámoas."
6. Tendo en conta que a ubicación deste parque eólico suporía un dano irreparable para a Paisaxe Protexida dos Penedos de Pasarela e Traba. Tendo en conta que nos atopamos no período de exposición pública para a presentación de alegacións ao proceso de avaliación de impacto ambiental do parque. Tendo en conta a próxima celebración do Pleno Ordinario da corporación correspondente ao mes de febreiro.

Por todo o devandito propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Rexeitar a instalación de parques eólicos na Paisaxe Protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, e na súa área de influencia, nomeadamente o Parque eólico Monte Chan.
2. Defender a integridade paisaxística dos Penedos de Pasarela e Traba e esixir o cumprimento do Decreto 294/2008, de 11 de decembro, polo que se declara Paisaxe Protexida os Penedos de Pasarela e Traba.
3. Solicitar aos técnicos municipais a elaboración de informes neste sentido.
4. Informar negativamente, dentro do trámite de actuacións previas ao estudo do impacto ambiental como administración pública afectada, por todo o antedito, á instalación do Parque Eólico Monte Chan.

Asdo.: MANUEL ANTELO PAZOS."



D. Manuel Antelo manifesta que a cidadanía sorprendeuse ó saber que se estaba tramitando estes parques eólicos que afectan a zonas de protección e que hai que posicionarse en contra dos mesmos e defender a integridade paisaxística e solicitar informes municipais neste senso.

D. Francisco Calzas respalda a posición de A.V. deixando patente o malestar do seu grupo.

A Alcaldesa-Presidenta explica os feitos resaltando que non hai nada autorizado e que non está dacordo como forma de alarmar á poboación de A.V. e máis cando gobernou o grupo de Antelo, se concederon licencias similares como a do parque Tourado en xullo de 2018 e sen aprobación do proxecto sectorial que lle dera cobertura o cal se aprobou en novembro. Continúa dicindo que ten fé de que non se vai a autorizar nesta primeira fase sen prexuízo da oposición do concello de Vimianzo no caso de que saíra adiante.

Por outro lado, sorpréndese de que a moción pretenda influir no senso dos informes dos técnicos municipais e que esa non é a súa forma de traballar xa os informes están supeditados á lei non a vontades políticas e que se debe recapacitar antes de crear plataformas e alarmar á poboación.

Remata solicitando unha actitude constructiva e non destructiva sen politizar os asuntos.

D. Manuel Antelo manifesta que agradece a posición do PP que contrasta co que dixo a Alcaldesa que facendo un discurso de desgaste fronte á súa persoa se pon en evidencia. Dí que o único que está a facer é defender os penedos e que estamos nunha fase importante e se non se informe en contra podería darse o caso de que se concedera a autorización como xa ocorreu algunha vez. É importante decilo e está tendo una actitude correcta e respetuosa polo que considera que a alcaldesa debería rectificar no seu comportamento hacia él.

A Alcaldesa-Presidenta replica que non busca o protagonismo que sí que busca o Sr. Antelo xa que o ruído causado era de todo innecesario xa que ó día seguinte do requerimento da Xunta de Galicia en relación con este asunto xa se pronunciou en contra e que os informes municipais non se fan polo alcalde, senón polos funcionarios en base á lei. Continúa reprochando que se fale de actuacións consensuadas como a do Castro de Barreiros cando non hai documentación que avale as mesmas e por último, se a ubicación onde se pretende o parque está protexida por lei, cal é o problema e en todo caso que a postura do goberno é evitar e non permitir que eses dous xeradores sexan autorizados.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 VOTOS (5 Adiante Vimianzo e 1 PP).

ABSTENCIÓNS: 6 VOTOS (PSdeG-PSOE).

Queda por tanto aprobado o ditame presentado.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidenta.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 29-01-2021 con número 77/2021 ata o día 23-02-2021 con número 166/2021.

O Pleno do Concello douse por enterado.

Asímesmo, dá conta expresa do acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de febreiro de 2021 adoptado en delegación de competencias en relación coa finalización do expediente de resolución do contrato do SAF.

O Pleno do Concello douse por enterado.



7º. Dación de conta da liquidación do exercicio 2020.

A Interventora dá conta dos datos da liquidación do ano 2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

8º. Dación de conta de asuntos económicos

Da conta a interventora dos datos do último trimestre e demais documentación esixida normativamente.

- Informe PMP, cuarto trimestre 2020.
- Informe PMP-Morosidad, cuarto trimestre 2020.
- Informe orzamento 4 trimestres 2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

9º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

10º. Rogos e preguntas.

D. Manuel Antelo pregunta en relación coa retirada do asunto do último pleno, que debería ir ó presente segundo o artigo 92 do ROF e que espera que non vindeiro así sexa, asímesmo roga se convalide unha modificación orzamentaria segundo establece a lei.

Roga se colguen no portal de transparencias as actas de pleno.

Pregunta canto foi o consumo eléctrico total das luces de nadal.

A Alcaldesa-Presidenta dí que se publicarán as actas a maior brevidade posible se así é, continúa contestando que a convalidación da que fala será realizada pero non se dá conta de que se refire.

En relación á retirada do asunto, replica que a proposta foi por urxencia e as alegacións se presentaron en tempo e forma e dada a carga dos departamentos foi imposible redactar os informes en prazo.

En relación co consumo do nadal, critica que esté obsesionado con iso e da a sensación que Vimianzo non necesita máis cousas que saber eses detalles pero en todo caso tomará nota para ver se é posible saber tal cantidade.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:20 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 26 de febreiro de 2021.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz